

CLUB PATINAXE ARTISTICA BRINCADEIRA

A Coruña, a 14 de Setembro de 2008

A partir de este ano, o Club Brincadeira, iniciase na modalidade de Grupos-Show, é por iso que vos queremos convidar a participar no **I Trofeo Brincadeira**, que consta de dous campeonatos (Fase Individual e Fase Grupos-Show) celebrados ó longo do ano e **independientes entre sí** (non é preciso participar na fase individual para participar na fase de grupos-show e viceversa).

Este Trofeo está pensado para aqueles **patinadores que precisen ter máis experiencia en competición, tanto individualmente coma en grupo**, superasen ou non o exame obrigatorio para acceder ós Campeonatos de Grupos-Show organizados pola Federación Galega.

Tamén é un preparatorio para os grupos que participan na **Competición de Deporte Escolar**, que son grupos con moitas gañas de traballar e con menor destreza técnica. Estamos moi interesados en que grupos inespertos coma nos participen, porque deste xeito, os niveis serán parecidos e a competición estará máis igualada. Por iso, un dos requisitos é que a coreografía que se presenta non participara no Campeonato de España do ano en curso (2008, neste caso), e é un estímulo máis para que os clubs e agrupacións preparen unha coreografía que teña a aqueles patinadores/as que por non superar as probas show da Federación non poden participar normalmente cos seus compañeiros/as do clube.

Por elo, para poder participar no Trofeo Brincadeira soamente tedes que cumprir tres requisitos:

- Estar federado ou ter seguro médico
- Pernencer á categoría Cadete, Xuvenil, Xunior ou Senior (alumnos/as Eso y Bacharelato)
- Non ter participado no campeonato de España do ano en curso coa coreografía que se presenta.

CLUB PATINAXE ARTÍSTICA BRINCADEIRA

A **Fase Individual** do I Trofeo Brincadeira tivo lugar o pasado 17 de Maio no pavillón Polideportivo de Monte das Moas en A Coruña, e consistiu nun campionato de programas individuais coas mesmas dificultades e duración que marca a Federación Galega de Patinaxe Artística no exame de acceso a grupos -show.

A **Fase Grupos_Show** do I Trofeo Brincadeira terá lugar o **8 de Novembro** (pendente de confirmación da pista). Consistirá nunha coreografía de Grupos -Show ou ben Iniciación de Grupos-Show, coas mesmas normativas en dificultades, vestiario... que as establecidas pola Federación Galega, e un tempo que vai de 3 a 5 minutos. Para inscribirse debedes poñer:

- . *Grupo grande ou pequeno.*
- . *Número de patinadores/as*
- . *Nome do grupo y Clube , Agrupación o Escola á que pertence*
- . *Escrito de ata 25 palabras contando o tema sobre o que vai a coreografía.*

O **prazo de inscrición de grupos é ata o vindeiro 20 de Outubro** e realizarase a través do correo electrónico do clube: clubbrincadeira@yahoo.es . Se tedes algunha dúbida podedes envia-la a este correo.

Esperamos a vosa participación.

Un cordial saúdo da Xunta Directiva